



II CONCURSO DE SOLISTAS

Curso 2023/2024

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO

Rúa do pan,s/n•Teléfono 981 70 41 00•15 100 CARBALLO - A CORUÑA

BASES

- O Conservatorio Profesional de Carballo convoca o **II Concurso de Solistas**, co obxectivo de incentivar a motivación e as habilidades interpretativas do alumnado do noso centro.
- O prazo de inscrición realizarase no despacho de dirección do 1º andar os días 5, 19 e 26 de febreiro en horario de 16:00 a 19:00, e o día 28 de febreiro en horario de 11:00 a 13:30.
- Poderán participar os alumnos matriculados en 2º, 3º ou 4º de grao elemental, ou en calquera curso do grao profesional no presente curso académico 2023/24.
- O concurso constará de tres categorías: a) Alumnos de grao elemental; b) Alumnos de 1º a 3º de grao profesional; c) Alumnos de 4º a 6º de grao profesional.
- O concurso estará estruturado en dúas fases: na 1ª fase cada participante presentará o seu repertorio diante dun tribunal formado por profesores do centro. Esta 1ª fase terá lugar o día **12 de marzo de 2024** para alumnado participante das especialidades de vento e percusión, e o día **13 de marzo de 2024** para o alumnado das especialidades de guitarra, corda, piano e acordeón.
- Para participar nesta fase, os concursantes deberán presentar unha peza, ou movemento dunha obra, que non excederá os 8 minutos de duración para o grao elemental, e os 10 minutos para o grao profesional. O acompañamento das obras será opcional, sendo o aspirante o que proporcione os medios físicos ou o soporte dixital. O tribunal seleccionará a catro aspirantes por categoría que pasarán á fase final. Os participantes deberán presentar tres copias das obras a interpretar.
- Na fase final, o alumnado seleccionado participará nunha audición aberta ao público na que interpretará unha obra que non excederá os 8 minutos no grao elemental, 10 para os alumnos da categoría de 1º a 3º curso de grao profesional, e 12 minutos para a categoría de 4º a 6º do grao profesional. O acompañamento

instrumental ou dixital correrá a cargo do aspirante e será obrigatorio. Esta final terá lugar o **sábado 6 de abril ou o 4 de maio de 2024** (datas por confirmar) no Auditorio do Pazo da Cultura. Os participantes deberán presentar tres copias das obras a interpretar.

- O Tribunal da fase final estará integrado por profesores do centro.
- No criterio de puntuación non pode haber máis de 3 puntos de diferenza entre os membros do tribunal, do contrario só se terán en conta os tres do medio.
- Concederanse un 1º e 2º premio por categoría. **O 1º premio constará dunha actuación como solista** con unha das agrupacións do centro no vindeiro curso 2024/25, **así coma un cheque regalo de 100 euros** nunha tenda de música. **O 2º premio estará patrocinado polo Anpa do Cmus de Carballo**, e constará dun **cheque regalo de 50 euros** nunha tenda de música.
- O Tribunal poderá declarar deserto calquera premio se así o considerase necesario. As decisións do Tribunal serán inapelables.

Carballo, 22 de novembro de 2.023.

ASDO. O DIRECTOR

JAVIER BARDANCA